

UNHA ESCOLA DE INDIANOS: A UNIÓN MUGARDESA

Miguel A. Rodríguez Vázquez¹
Juan A. Carneiro Rey²

1. O PAÍS DE ORIXE

A emigración é un dos feitos trascendentais que teñen unha das súas orixes nun fenómeno estrutural da demografía de Galicia a partires de mediados do século XIX. En efecto, Galicia conta con preto de 2 millóns de habitantes na segunda metade do s. XIX, inda que non alcanzará esta cifra ata o ano 1900. A maior densidade de poboación estaba nas Rías Baixas e en gran parte do litoral da provincia da Coruña. En 1877 Galicia tiña 1,8 millóns de habitantes, dez anos despois 1,9 e por fin alcanza os 2 millóns en 1900.

A emigración en masa comeza no último cuarto do s. XIX. No período que vai dende 1885 ata 1895 emigran ao continente americano 168.000 galegos, (o 46% deles orixinarios da provincia da Coruña), cunha relación de masculinidade do 74%. Entre 1911 e 1930 emigran a América nada menos que 734.000 galegos, sendo os anos de índices máximos os de 1912 e 1920, con 73.000 e 77.000 emigrantes respectivamente, correspondéndolle á provincia da Coruña unha cantidade nada despreziable: 22.000 e 25.000 emigrantes neses anos. Estas enormes cifras coinciden con períodos de nulos rendementos agrícolas e nos que se perden colleitas de millo, centeo, patacas e vide. Os países que van recibir un maior número de persoas son Arxentina, Cuba e Brasil.

Estes datos pódense extrapolar perfectamente para o caso de Mugardos. Así, vai ser a partir do ano 1860 cando o crecemento vexetativo deste concello se dispare, chegando a alcanzar os 5.306 habitantes en 1887 e 6.517 en 1900, cifra esta última que permanecerá practicamente invariable ata o ano 1920. Mugardos vai ser un dos concellos máis densamente poboados de toda a provincia. O parón demográfico de Mugardos coincide cos períodos de máis emigración de Galicia, en xeral, e da provincia da Coruña en parti-

1. Licenciado en Xeografía e Historia.

2. Profesor de Historia no IES de Mugardos dende o ano 1990.

cular: estímase que nos anos da segunda década do século XX preto dun 9% dos habitantes do concello vivían en América.

Cales son as causas desta sangría demográfica? Podemos falar dunha conxunción de fenómenos: desequilibrio poboación-recursos (gran presión demográfica sobre unidade de cultivo), excesiva parcelación da terra e, consecuentemente, anticuados sistemas de cultivo, excesiva tributación do campesiñado... Pero tamén causas máis inmediatas e persoais: fuxir da incorporación a filas ou, sinxelamente, ansias de progresar. Galicia non acadaba os recursos económicos necesarios para manter progresivamente á súa poboación, era unha rexión cun poboamento maioritariamente rural, inda que só se cultivaba un 12% da súa superficie. A súa economía estaba nos límites da subsistencia, descapitalizada, polo que calquera circunstancia climatolóxicamente adversa causaba malas colleitas e como consecuencia unha grave crise alimentaria e sanitaria, como de feito ocorreu en 1912 e 1920, anos nos que a saída de emigrantes repunta en toda Galicia, na provincia coruñesa e tamén en Mugardos. Neste último caso agravada pola crise da construción naval de Ferrol (na que traballaban bo número de mugardeses) derivada do desastre do 98.

Tendo en conta todos estes datos e as circunstancias das que se derivan, non é esaxerado admitir que a emigración vai constituír unha válvula reguladora do desequilibrio entre a densidade de poboación e os recursos.

2. O PAÍS DE DESTINO

A gran maioría da emigración mugardesa tiña como país receptor Cuba. En Cuba, ao igual que nos demais países americanos, os galegos agrupábanse en sociedades benéficas, culturais, mutualistas..., que tiñan como base aos naturais das distintas comarcas, concellos, parroquias ou mesmo lugares de orixe dos emigrantes. Seguindo cadeas migratorias locais, os emigrantes asociábanse para suplir deficiencias que o país receptor non podía facilitar: educación e sanidade, sobre todo; inda que tamén como un xeito de integración na nova sociedade. En 1920 só na Habana existían 161 sociedades de emigrantes galegos, sendo o *Centro Gallego* a agrupación que contaba, como é lóxico, cun maior número de socios: 27.000 no ano 1909. Ofrecía servizos culturais, educativos, sanitarios, etc., estes últimos os máis demandados debido ás cíclicas epidemias que azoutaban á illa de Cuba.

Os mugardeses en Cuba adicáronse a múltiples tarefas económicas: comercio, pequena industria, e por suposto á actividade pesqueira, que xa coñecían sobradamente por exercela na súa terra. A maioría dos mugardeses adicados á pesca vivían no barrio de Casablanca, na baía habaneira. Ademais da actividade pesqueira, o contrabando era habi-

tual, sobre todo en épocas de crise. Asociábanse en sindicatos de tendencia anarcosindicalista e comunista maioritariamente, e mesmo chegan a ser os líderes: é o caso de Juan Prieto Balsa (alcalde de Mugarbos, fusilado no levantamento militar de 1936), presidente da *Unión de Viveristas del Puerto de La Habana*; ou dos mugardezes Joaquín Yáñez, Manuel Aneiros e Evaristo Cabalo, dirixentes do *Sindicato Único de la Industria de la Pesca*. Cando se celebraba o patrón de Galicia facíase unha procesión marítima na que “*los mugardezes encabezaban la comitiva de las sociedades locales con un falucho en el que figuraban cuatro valientes pescadores*” (Vidal, 2006).

Os galegos agrupábanse en sociedades maioritariamente denominadas “*de Instrucción*”. O seu fin era proporcionar os medios educativos, sobre todo, no seu país de orixe para evitar que a mocidade continuara coa sangría migratoria. Contra o ano 1930 existían preto de 450 destas sociedades (a maioría na Arxentina e Cuba). Seguindo a Peña (2000), o procedemento de constitución dunha sociedade era o seguinte: En primeiro lugar se establecían uns estatutos, un regulamento e se elixían os cargos directivos. Estes cargos, en reducido número, soían perpetuarse, pois constituían un prestixio social e ademáis servían como interlocutores coa elite social, xa que a maior parte dos asociados non participaban nas asembleas. En segundo lugar, establecíase contacto cos lugares de procedencia, donde se constituía unha Delegación da sociedade. En terceiro lugar, esta Delegación era a encargada de realizar os proxectos da Asociación de emigrantes.



Peirao en Cuba

As entidades de Cuba promoveron 150 escolas en Galicia, das que 22 localizáronse na comarca de Ferrol. Os mugardezes formaron a súa propia sociedade seguindo os pasos que acabamos de citar e crean no ano 1909 a *Sociedad Unión Mugardeza de Instrucción*, e un ano máis tarde a súa *Delegación* en Mugarbos³.

3. A UNIÓN MUGARDESA DE INSTRUCCIÓN

A illa de Cuba foi o destino elixido pola maioría dos mugardezes que tomaron a decisión de emigrar, dende finais do século XIX ata case a metade do século XX. Foi precisamente un grupo destes emigrantes os que tiveron a idea de fundar na vila de Mugarbos un plantel de ensinanza, reuníndose para tal fin o día 13 de xuño de 1909 na rúa Manrique nº 96 da Habana.

3. Os asociados da Unión Mugardeza eran na súa maioría pescadores, ata tal punto que as eleccións realizábanse na temporada de descanso da flota.

Asistiron a esta primeira reunión os señores Francisco Sabio Badía, Xoán Xosé Rabina Cañizo, Eliseo García, Esteban Deus Prados, Ferreol Lago, Xaime Vilar Lago e Xosé Gelpi Souto, quenes expuseron os desexos da numerosa colonia mugardesa e acordaron a celebración dunha *Asamblea*, para o cal fixeron unha convocatoria, amplamente difundida na prensa da capital cubana, que tería lugar o 20 de xuño dese mesmo ano. Nesta *Asamblea* foi nomeada unha mesa provisional, encargada da confección dun *Reglamento* para a nova sociedade, nomeando como Presidente da mesma a Francisco Sabio Badía, acompañado de Xoán Antonio Moreno e Xosé Gelpi Souto. Quedou constituída tamén unha Sección de Propaganda composta por trece membros.

Todas estas persoas traballaron de forma entusiasta e efectiva, de tal xeito que o día 30 de xullo do 1909 celebrouse unha Xunta Xeral na que participaron os mugardeses residentes na illa cubana que xa estaban inscritos como asociados na nova sociedade, á que se lle puxo o nome de *Unión Mugardesa de Instrucción* e que tería por obxecto segundo a acta de constitución: “*Fomentar y propagar la enseñanza gratuita entre los naturales del término municipal de Mugarbos, creando a ese fin, colegios de ambos sexos en cada una de las cuatro parroquias de que se compone dicho término, empezando por la de Mugarbos y continuando en las demás (...)*”. Procedeuse tamén á elección da Xunta Directiva, primeira da nova sociedade, que quedou constituída do seguinte xeito:

Presidente: Francisco Sabio Badía
 Vicepresidente: Andrés Vascós Novo
 Tesoureiro: Xoán Antonio Montero
 Vicetesoureiro: Rufino Franco Montero
 Secretario: Xosé Gelpi Souto
 Vicesecretario: Víctor M. Pérez
 Vogais: Xoán Sixto
 Manuel Lois Souto
 Dr. Xosé V. Vilar Souto
 Alexandre del Río Lago
 Francisco Vázquez Gelpi
 Francisco Lara
 Ferreol Lago
 Euxenio Deus
 Eliseo García
 Xosé Manuel Rodríguez
 Xosé María Fernández Cudilleiro
 Suplentes: Pablo Cudilleiro
 Xoán Xosé Montero
 Francisco Gallego
 Xosé Fariña

Unha vez constituída esta 1ª Xunta Directiva, a Sociedade comezou a súa andaina, co obxectivo principal de conseguir financiamento para as escolas que pensaban constituír na vila. Para ilo recurriron a diversas fontes: cuotas e aportacións de socios, emisión de bonos e organización das máis diversas festas e actos nos que se recaudaban boas cantidades de diñeiro (eran famosas as romerías que se celebraban nos xardís do *Palatino* e *A Tropical*).

















Non foi nada doado o camiño da Sociedade xa que dende o primeiro momento xurdiron enfrontamentos no seo da mesma, ademáis de ter que loitar contra a oposición dun sector da sociedade mugardesa que dende a vila facía campañas orquestadas, parece ser que polo alcalde Francisco Martínez Doménech, contra o proxecto da *Unión Mugardesa*, rexeitando o tipo de escola e ensino que se iba a impartir e que chocaba coa educación que existía nese momento, acusándoa de anticlerical e anticatólica.

Un artigo publicado na revista *Suevia* de La Habana, o 25 de novembro de 1910 é moi ilustrativo da situación que se estaba a vivir:

“Referente a ciertos rumores que hasta nosotros han llegado y que han dado al vuelo, según nos informan, ese caciquillo y el corto rebaño que le sigue, relacionados con la implantación de esos planteles de enseñanza gratuita, uno de nuestros redactores se entrevistó, con objeto de adquirir la veracidad, con uno de los más distinguidos mugardeses, amigo nuestro desde hace años y que por su reputada honorabilidad goza de gran prestigio entre todas las clases sociales de esta capital culta y después de interrogado, con la sinceridad con que preside todos sus actos, nos manifestó que la Sociedad “Unión Mugardesa de Instrucción”, no es ni será anticatólica, cuya religión profesan todos los que la integran que si algo hay en contrario de lo que se ha propalado, en su pueblo natal, cree sean los autores de obra tan criminal, los que desean que sus convecinos sigan en la ignorancia y a quienes de ser posible señalaría con el dedo: que la Sociedad Mugardesa, fue creada y ha de ser sostenida, para llevar el pan de la enseñanza a sus convecinos, cualquiera que sea la religión, pues su único objeto es procurar que estos se ilustren, a fin de que puedan aspirar al mejoramiento de su situación actual y que no tengan que sucumbir como ahora sucede, a los penosos trabajos que proporcionan las rudas faenas del mar y redimirles a la vez de la opresión en la que les tiene ese caciquilla de última hora – erigido en Alcalde – por su impericia para administrar y dirigir el Ayuntamiento o término a él encomendado por esa misma ignorancia. Hechos estos comprobados, si se tiene en cuenta que en los 14 o 16 años que lleva de Alcalde, la educación de su pueblo ha sido para él un

“La Unión Mugardeza”

HABANA, JULIO 1° DE 1912

   	<p>Revista Mensual consagrada á los intereses de la Sociedad Unión Mugardeza de Instrucción establecida en la Habana</p>	   																
<p>Año 1</p>	<p>Estado económico de la Sociedad Unión Mugardeza de Instrucción en 30 de Junio de 1912</p>	<p>Núm. 1</p>																
   	<table> <tbody> <tr> <td>Socios existentes en 31 de Mayo de 1912.</td> <td>403</td> </tr> <tr> <td>Altas en el mes de Junio de 1912.....</td> <td>17</td> </tr> <tr> <td>TOTAL.....</td> <td>420</td> </tr> <tr> <td>Bajas en el mes de Junio...</td> <td>..</td> </tr> <tr> <td>Quedan para el mes actual</td> <td>420</td> </tr> <tr> <td>Existencia en Caja en 30 de Junio de 1912, después de cubiertas todas las atenciones.....\$</td> <td>658.73</td> </tr> <tr> <td>Id. en id. para premios de los alumnos como importe de lo recaudado á este fin.,,</td> <td>29.17</td> </tr> <tr> <td>Total para Julio.....\$</td> <td>687.90</td> </tr> </tbody> </table>	Socios existentes en 31 de Mayo de 1912.	403	Altas en el mes de Junio de 1912.....	17	TOTAL.....	420	Bajas en el mes de Junio...	..	Quedan para el mes actual	420	Existencia en Caja en 30 de Junio de 1912, después de cubiertas todas las atenciones.....\$	658.73	Id. en id. para premios de los alumnos como importe de lo recaudado á este fin.,,	29.17	Total para Julio.....\$	687.90	   
Socios existentes en 31 de Mayo de 1912.	403																	
Altas en el mes de Junio de 1912.....	17																	
TOTAL.....	420																	
Bajas en el mes de Junio...	..																	
Quedan para el mes actual	420																	
Existencia en Caja en 30 de Junio de 1912, después de cubiertas todas las atenciones.....\$	658.73																	
Id. en id. para premios de los alumnos como importe de lo recaudado á este fin.,,	29.17																	
Total para Julio.....\$	687.90																	

mito, preocupándose solamente en Obras Municipales que son al fin y al cabo las que mejor resultado dan”.

Os enfrontamentos entre a *Unión Mugardeza* e o círculo do Alcalde foron constantes ao longo dos anos. Fundamentalmente nos xornais *Ecos del Eume* e o local *Democracia*, fundado en Mugardeos no ano 1911, cunha curta vida (ata 1914, que é cando pecha a súa redacción), publicábanse artigos e cartas por parte duns, que inmediatamente eran respondidos polos outros.

No ano 1912 a Sociedade comezou a editar un Boletín/Revista na Habana, de carácter mensual, no que daba conta aos seus asociados das actividades que levaban a cabo, así como do estado económico e número de socios. O primeiro número foi editado o día 1 de xullo de 1912, contando a sociedade nese momento cun total de 420 socios, e un fondo en caixa, “*después de cubiertas todas las atenciones*”, de 658,73 \$.

Este primeiro número ábrese cun artigo titulado *Nuestro programa y nuestro saludo*, no que se fai referencia ao sentido altruísta dos mugardezes, “*que unidos como un solo hombre, en este hospitalario país, propenden al engrandecimiento del pueblo que les vió nacer ¿de qué manera? Pues creando y sosteniendo en su pueblo natal, Colegios a cargo de ilustrados profesores que se encarguen de elevar al mayor grado de cultura a sus convecinos allí residentes, hoy tan necesitados de ella por abandono o negligencia de los obligados a proporcionarla*”. Inclúese tamén unha carta do Presidente da Sociedade, Xosé Gelpi Souto, ao Alcalde de Mugardeos na que lle reclaman unhas relacións mais cordiais, pero non deixa de reprocharlle a animosidade en contra dos intereses da Institución por parte dalgúns veciños e autoridades.

Dase conta neste exemplar do número de Delegacións da Unión Mugardeza, espalladas por toda América xunto co nome dos seus Delegados. Eran as seguintes :

Lugar

Maratón (Florida)
Buenos Aires
México
Boot Key (Florida)
Batabanó (Cuba)
Isabela de Sagua (Cuba)
Brasil
California

Delegado

Xoaquín Díaz Casal
Manuel Deus López
Vicente López Badía
Xosé Díaz Casal
Nicolás Santiago
Xosé Mier
Antonio Lara Aneiros
Xoán Rodeiro

4. A DELEGACIÓN EN MUGARDOS

Para poder levar a cabo o seu labor de creación de escolas, era necesario contar con xente na súa vila de orixe que traballase en contacto directo coa Sociedade da Habana, seguindo as directrices marcadas por ela. A tal fin se crea en Mugardos, o 19 de setembro de 1910, a *Delegación* da Unión Mugardesa, nomeándose unha Xunta Directiva constituída polos seguintes membros:

Xesús Fernández	Presidente
Santiago Ramos	Tesoureiro
Xoán A. Pérez Parga	Secretario
Benigno Pardo	Vogal
Antonio Paz	Vogal
Nicolás Santiago	Vogal



Presidente e secretario da Delegación <Unión Mugardesa de Instrucción> e as autoridades de Mugardos, 1910

A *Delegación* tiña a súa sede social no nº 34 da rúa Saavedra Meneses, local que ocupaba o Salón Pelayo, e no seu *Regulamento* establécese claramente que se seguirán “*Las instrucciones que reciba de la Unión Mugardesa de Instrucción de la Habana, siempre que éstas estén de acuerdo con la Ley vigente en España*”.

En canto ao financiamento, éste proviña na súa maior parte da Sociedade da Habana que xiraba regularmente cantidades de diñeiro para a creación e mantemento das

futuras escolas. Ademais os asociados da Delegación en Mugardeos pagaban unha cota mínima dunha peseta, admitíndose doazóns tanto dos membros como de persoas alleas á Sociedade. Tamén se recurríu como fonte de financiamento á organización de funcións benéficas, bailes ou outras “*diversiones lícitas*”. No local programábanse un total de cinco bailes ao ano: dous en San Xiao, un en Corpus e outro na data da Mercé.


O semanario *Ecos del Eume* publica no seu número do 2 de outubro de 1910 unha carta enviada por Víctor M. Pérez y Pérez, vogal da Unión Mugardesa na Habana, na que volve a dar conta dos atrancos que está a sufrir a nova Delegación:

“Muchos obstáculos, Sr. Director, hemos encontrado para la realización de nuestro proyecto. Una vez creada aquí la referida sociedad, hémonos dirigido a algunas personas de Mugardeos para establecer allí la consiguiente Delegación; y las respuestas recibidas no han podido revelar más frialdad y falta de entusiasmo. No por ello nos hemos desalentado(...), y cuando tantas eran las dificultades, un hombre abnegado se ofrece a aceptar incondicionalmente la Delegación, D. Jesús Fernández, activo y laborioso comerciante de Mugardeos....

Hánse propalado también ciertas versiones que favorecían muy poco a nuestra colectividad, tales como la de que nada se llevaría a cabo y que se trataba de una enseñanza radical. Hemos desterrado tan mezquinas y rastroseras habladurías, y tomando la idea con más empeño si cabe, conseguimos llegar a 307 asociados, casi todos de Mugardeos y Mehá. Falta ahora que se asocien los de S. Juan y Franza, tanto los que aquí residen como los que están en esa, para de este modo multiplicar el número de escuelas en todo el término municipal. Para la primera escuela, que se instalará en Mugardeos, en el salón conocido por “El Pelayo”, tiene ya el delegado los fondos precisos y la orden ejecutiva”.

5. O COLEXIO DA UNIÓN MUGARDESA

Practicamente un ano e medio despois da súa constitución, a Sociedade estaba en disposición de facer realidade o seu proxecto principal: a creación dunha escola na súa vila natal. O 2 de outubro do 1910, inaugurárase no local social (Salón Pelayo) unha Escola de Varóns, sostida pola Unión Mugardesa e que estaría atendida polos profesores Antonio Casado Tenreiro e Xosé García Fariña, coñecido popularmente como “*El manco del Cristo*”.



Plano do primeiro local da escola da Unión Mugardeza (Salón Pelayo), 1910

Na data da inauguración houbo unha *Gran fiesta en Mugardos*, como titula no seu artigo o corresponsal de *Ecos del Eume*, no número do 16 de outubro, quen fai un detallado relato dos actos que se levaron a cabo: A comitiva invitada dende Ferrol, viaxou a

bordo do vapor Meteoro, e chegou á vila donde foron recibidos polos membros da directiva da Delegación da Unión Mugardesa. Esta comitiva estaba formada polos señores Balás, Neira, Barcón, Montero Lago, Bidegaín, Arias Miranda, ademáis dos directores e redactores dos xornais ferroláns *El Correo Gallego* (recollemos como Anexo a crónica deste xornal no seu número do 3 de outubro) e o *Diario Ferrolano*, acompañados todos eles pola rondalla *Airiños da Miña Terra*. De seguido, a comitiva dirixiuse ao edificio da nova Escola, acompañados en todo momento por un grande número de mugardeses, que o cronista chega a cifrar en torno a mil cincocentos.

Unha vez no interior do local constituíuse unha mesa presidencial na que estaban presentes o Alcalde, a Directiva da Delegación, os mestres Casado e García Fariña e unha representación da comitiva, pronunciando discursos o Alcalde, o pedagogo Sr. Neira e o Presidente da Delegación, Xesús Fernández Medina, quen agradeceu vivamente a súa presenza a todos os asistentes.


O banquete celebrouse no lugar do Baño, no denominado campo das *Señoritas*, dispoñéndose unha mesa para máis de cen comensais, que deron conta dun menú composto por paella, o clásico polbo, rostbeaf, postres, viño, café e coñac.

O cronista de *Ecos del Eume* fai tamén unha detallada descripción da nova Escola:

El edificio, de planta baja, es un amplio salón de trescientos metros cuadrados de superficie, con doce ventanas de tres metros de altura por uno y medio de ancho: el techo provisto de ventiladores muy bien distribuidos, tiene seis metros de altura, y el piso se alza del suelo medio metro, teniendo unas compuertas para su ventilación: en fin, que, sin género de duda, es un local de lo más higiénico, y capaz de dar cabida a más de doscientos niños.

Dentro del salón pudimos observar, un inmenso surtido de material pedagógico moderno, unas mesas individuales, a semejanza de las yanquis, que aventajan en mucho a las que se usan en nuestras actuales escuelas, para que los alumnos queden así aislados unos de los otros a la distancia que marca la ley: filtros modernos para el agua, blusas y calzado para los niños mientras están en clase: en suma, todo lo necesario para que esos nobles mugardeses, ese caudal de gotas de sangre que remitieron a su terruño, caiga como lluvia bien hechora sobre los hombres de mañana.

O centro foi coñecido tamén como a *Escola Laica*, en referencia ao ensino de carácter neutro, racional e pedagóxico que nela se impartía, en contraposición co da esco-



Cadro de asignaturas do colección <Unión Mugardesa>, 1910

la pública da época, máis tradicional e de corte clerical. Unha ollada ás asignaturas en cada unha delas mostra ben ás claras a diferenza: na escola pública dese tempo se impartían as seguintes: Xeografía, Historia de España, Escritura, Lectura, Gramática,

Aritmética, Xeometría, Historia Sagrada e Doctrina Cristiana. Pola contra na nova escola as asignaturas eran as seguintes: *Lectura explicada, Escritura, Moral, Aritmética elemental y mercantil, Gramática, Escritura al dictado, Geografía de España y Universal, Historia de España y Universal, Dibujo lineal y natural, Nociones de Fisiología o Higiene y Nociones de agricultura.*

A Escola contou dende o principio cunha escolarización elevada, que no ano 1912 compoñíase dun total de 300 alumnos. Tamén había unha Biblioteca popular, a disposición de tódolos veciños de Mugar dos.

Unha vez acadado o primeiro obxectivo, os traballos da Sociedade encamiñáronse á súa verdadeira aspiración: a construción dun edificio propio que albergase ás escolas. Isto foi posible no ano 1923 cando, baixo a dirección do mestre de obras Antonio Fontán, dan comenzo as obras do que será o novo colexio da Unión Mugardesa no lugar de Catro Camiños. O ritmo de execución foi elevado, e xa no 1925 estaba concluído o edificio, porque nese ano cédense temporalmente os locais para o establecemento da escola unitaria de nenos de Os Casás recentemente concedida a Mugar dos.

O edificio constaba de dous andares, rematando nunha grande cornixa que percorría todo o piso superior, truncada por un gran frontón na fachada principal, no que estaba escrito o nome da Sociedade. Destacaba a grande cantidade de ventanais, co que se aproveitaba ao máximo a iluminación natural.

As clases deberon de comezar no ano 1927, xa que nesa data a Sociedade solicita a devolución dos locais, que cedera previamente, para poder instalar as súas escolas. Nembargantes a inauguración oficial non se fixo ata o día 3 de novembro de 1929. Ese mesmo día, domin-go, o xornal *El Correo Gallego* anuncia o evento:



Colexio da Unión Mugardea en Catro Camiños. Inaugurado oficialmente en 1929

“EN MUGARDOS

Inauguración de una escuela

Hoy a las tres y media de la tarde, tendrá lugar la inauguración de la escuela que los mugardeses residentes en Cuba fundan en este su pueblo natal.

Por encargo del Delegado de la Sociedad Unión Mugardesa de Instrucción y Beneficencia y ex-Alcalde de este pueblo D. Manuel Gelpi Fernández, pronunciará el discurso de apertura el maestro nacional D. Antonio Casado, y harán uso de la palabra los jóvenes mugardeses D. José Casado Bellón, D. Fernando Vila Segura y D. José Alguacil Vázquez.

Al acto, que será público, han sido invitadas las autoridades y escuelas locales. Promete revestir la brillantez que se merece”.

La Voz de Galicia, posteriormente, tamén se fará eco da noticia:

“Con toda solemnidad se inauguró ayer tarde en Mugaridos el grupo escolar construido a espensas de los hijos de aquella villa residentes en La Habana.

Pronunciaron entusiastas discursos el maestro nacional don Antonio Casado y los mugardeses don José Casado Bellón, don Fernando Vila Segura y don José Alguacil Vázquez.

Al acto asistieron las autoridades y los niños de las escuelas”.

Con anterioridade, no ano 1926, producírase unha escisión na sociedade, que deu lugar ao nacemento de dúas asociacións: a “*Sociedad Mugardesa de Instrucción y Beneficencia*”, con sede no Centro Galego da Habana, e “*Juventud Mugardesa*”, con sede na rúa Peñalver da capital cubana. Esta división perdura ata o 30 de xullo de 1946, data na que se reunifican as dúas sociedades nunha única que levará o nome de “*Unión Mugardesa de Beneficencia y Recreo*”, con sede na mesma rúa antedita.

No ano 1948 a Sociedade, que conta nese momento cun total de 264 socios, constata a dificultade económica que lle supoñía o mantemento da Escola, agravada polo estado progresivo de deterioro do edificio, necesitado de inversións importantes para seguir a manter a súa actividade. Ante este estado de cousas xorde a proposta, reflexada no número de agosto do Boletín da Unión Mugardesa, de contactar co Concello de Mugaridos para prantexarlle a cesión do edificio, baixo unha serie de condicións: Compromiso da existencia de financiamento para a súa reconstrución, cun equipamento axeitado tanto de material como de persoal; debía manterse adicado a Escola e colocarse unha placa na que se indicara que o edificio fora doado polo esforzo das sociedades mugardesas da Habana.

Despois de diversas negociacións a Escola foi cedida definitivamente ao Concello no ano 1951, mantendo a súa actividade ata que foi derrubado o edificio para construír un novo Grupo escolar, que foi inaugurado no ano 1973 e que leva o nome de *Unión Mugardesa*.

Perdeuse así a oportunidade de conservar unha obra, mostra do esforzo, xenerosidade e altruísmo dunha serie de mugardezes que emigraron da súa terra, pero que nunca se esqueceron dela e tentaron por tódolos medios ao seu alcance mellorar a educación e formación da xuventude do seu lugar de procedencia, ofrecéndolles as oportunidades das que eles careceron e que esta mocidade poidera ter máis alternativas ca emigración.

6. BIBLIOGRAFÍA

- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1991): *Historia Contemporánea*. Galicia. Historia T. VII-VIII. Hércules Ed. A Coruña.
- CARNEIRO, J., GÓMEZ, J., RODRÍGUEZ, M. e SANFIZ, H. (1998): *O Seixo no pasado. Apuntes para a historia de Mugar dos*. Concello de Mugar dos.
- CARNEIRO REY, Juan A. e RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Miguel A. (2009): *Historia de Mugar dos*. 3ª edición. Concello de Mugar dos. Deputación da Coruña.
- EIRAS ROEL, A. (1989): “En torno a la emigración gallega a América en el siglo XIX. Algunas consideraciones a la luz del ejemplo canario”. *Revista de la Facultad de Geografía e Historia*, nº 4; pp. 225-240.
- GÁNDARA FEIJÓO, A. (1981): *La emigración gallega a través de la Historia*. Ed. Limbo. Ourense.
- de JUANA LÓPEZ, J. e PRADA RGUEZ. X. (1996): *Galicia Contemporánea*. Historia de Galicia. T.V. Vía Láctea Ed. A Coruña.
- PEÑA SAAVEDRA, V. (2000): “As escolas de americanos en Galicia: Proxectos e realizacións na comarca de Ferrolterra”. *Cátedra. Revista eumesa de estudos*. Pontedeume; pp. 217-273.
- SOUTO LÓPEZ, M. (1998): “O asociacionismo español en Cuba, 1900-1930: o caso galego”. *Anuario Brigantino*, nº 21; pp. 241-254.
- VIDAL RGUEZ. J. A. (2006): “Cadenas migratorias locales, nichos laborales y empresariales en el colectivo gallego de Cuba: 1899-1959”. *Revista Complutense de Historia de América*, vol 32; pp. 197-226.

7. DOCUMENTACIÓN

- ARQUIVO HISTÓRICO da UNIVERSIDADE de SANTIAGO (AHUS): Documentación do Instituto General Técnico de La Coruña, 1910-1911.
- BOLETINS DA UNIÓN MUGARDESA: 1 de xullo de 1912 (Nº1); 1 de setembro de 1912 (Nº3). La Habana.
- ECOS DEL EUME: 2 e 16 de outubro de 1910. Pontedeume.
- EL CORREO GALLEGO: 3 de outubro de 1910; 3 de novembro de 1929. Ferrol.

LA VOZ DE GALICIA: 5 de novembro de 1929. A Coruña.

MEMORIA ANUAL DA UNIÓN MUGARDESA DE INSTRUCCIÓN: Correspondente ao ano social 1923-1924. La Habana.

8. ANEXO

INAUGURACIÓN DE LA ESCUELA “UNIÓN MUGARDESA” (EL CORREO GALLEGO, 3 DE OCTUBRE DE 1910)

EN MUGARDOS

La inauguración de una Escuela

Motivo de júbilo

Sobradísimos motivos tenían ayer los honrados y laboriosos vecinos de la inmediata villa de Mugardos, para sentirse rebosantes de júbilo. Memoraban la inauguración de una excelente Escuela para varones, sostenida por mugardeses residentes en la Isla de Cuba, y esto justifica por demás, su señalado contentamiento, porque todo lo que sea propender al desarrollo de la educación de los pueblos, sabido es que entraña luz, progreso, engrandecimiento, vida de los mismos. Los mugardeses evidenciaron ayer que rinden tributo á la cultura y que guardan acendrados cariños para aquella hermosa tierra que los vió nacer. Quienes así piensan y sienten, ponen de relieve que son justamente acreedores á encarrilarse, á entrar de lleno, por las amplias y redentoras vías de una vasta cultura intelectual, que eleva á las Naciones á la cumbre de su poderío.

Camino de la Villa

Al muelle de Curuxeiras, á las diez y media de la mañana, bajaron las distinguidas personas invitadas á concurrir al solemne y brillante acto de la inauguración de la escuela. El vapor Meteoro, cedido galantemente por el diputado provincial don Mariano Piñeiro, fué el encargado de trasladar á Mugardos á los que darían realce á la ceremonia con su presencia. Desde Mugardos, vino en la pequeña embarcación la junta de la <Unión Mugardesa de Instrucción>, formada por su presidente D. Jesús Fernández, tesorero D. Santiago Ramos, secretario don Juan A. Pérez Parga y vocales D. Benigno Pardo, D. Antonio Paz, D. Nicolás Santiago, D. José Míguez, D. Antonio Casado y D. Gabriel Rega. El trayecto hízose agradable recreándose la vista en la variedad de la riqueza de los múltiples panoramas de la bahía.

En Mugardos

Delicioso aspecto presentaba ayer la poética villa, cuando el Meteoro abanderado, atracó al muelle. En el desembarcadero esperaba á los invitados el Alcalde D. Juan

Francisco Martínez, varias comisiones é inmenso gentío. La mayoría de las fachadas de los edificios, lucían variadas colgaduras. Los balcones y miradores, aparecían cuajados de muchos rostros hados y femeninos. En diversos puntos del camino que da al muelle, destacábanse arcadas de follaje y flores. Eran artísticas las arcadas del Cantón de la Marina y calle de Saavedra Meneses.

En Marcha

Cambiando los saludos de rúbrica entre los expedicionarios y los amables vecinos de Mugardeos que bajaron á esperarles, la comitiva emprendió la marcha al lugar en que se levanta el edificio dedicado á escuela para niños. Iba á la cabeza la aplaudida y laureada rondalla Airiños d'a miña terra, siguiéndola varias comisiones, los invitados y numeroso público. La linda señorita Teresa Ferrer, hizo entrega al presidente D. Jesús Fernández, de una bonita corona de flores naturales, con unas cintas en que se leía: <Un pequeño premio á tu gran obra>. También el Sr. Seoane Pampín, director de la Rondalla, recibió de manos de las señoritas Consuelo Casado y María Landrove, otra corona de flores naturales, quien agradeció mucho aquella afectuosa distinción.

Más obsequios

También otras hermosas señoritas ofrecieron á D. Jesús Fernández, celoso presidente de la <Unión Mugardeza de Instrucción>, bonitas coronas de flores, dedicándoles el Sr. Fernández, á las jóvenes portadoras, frases de viva gratitud.

Flores y palomas

El inteligente fotógrafo Sr. Seco, impresionó varias placas, basándose en motivos que le ofrecía el paso de la manifestación. Al pasar ésta por varias calles, y señaladamente por el Casino Mugardeés, hubo verdadera lluvia de preciosos ramos de flores, entre los que se vieron muchas palomas.

En la Escuela

La comitiva hizo alto al llegar frente al local destinado á Escuela para niños. A la verdad, es un excelente salón, que puede dar cabida, holgadamente, á 200 niños; tiene 200 metros cuadrados de superficie y una altura de techo de seis metros. La luz es prodigada por doce amplios ventanales, admirablemente orientados, que tienen una altura de tres metros por uno y medio de ancho. Para más higiene, el piso está a más de medio metro sobre el suelo, formando una especie de sótano que se airea por medio de unas compuertas colocadas en el piso y si á esto agregamos que en el techo existen dos ventiladores, tendremos que ese local es de lo más higiénico de Galicia. Los alumnos tendrán mesas individuales, quedando así aislados unos de los otros, á la distancia que marca la ley; tendrán todas unas higiénicas blusas de trabajo y un calzado á propósito para mientras estén en clase. Todo el material de enseñanza se les facilitará completamente gratis.

El colegio tiene por hoy dos profesores y un auxiliar, que se aumentarán cuando el número de alumnos lo exija. De la dirección y administración de la Escuela, está encargada una Junta directiva, nombrada por la de la Habana, y cuyo presidente es el activo joven D. Jesús Fernández, el cual, á pesar de ser hijo de Ferrol, se porta como el más entusiasta de los mugardeses, poniendo todo su afán en el perfecto desarrollo de la obra, á lo que cooperan con entusiasmo sus compañeros los señores Pardo, Pérez Parga y Santiago.

La casa, en la parte posterior, cuenta con terreno suficiente para, mediante un gasto reducido, convertirlo en un buen patio de recreo para los educandos. Véanse en el local, una semejanza de las mesas yanquis individuales, que aventajan, en mucho, á las que se usan, por lo general, en nuestras escuelas. Lástima grande que ese modelo haya sido modificado, pues de lo contrario resultarían la última palabra de la Pedagogía, en lo que atañe á esta clase de material. También cuenta la Escuela con enseres para la enseñanza, algunos de ellos modernos.

La inauguración

Las comisiones, los invitados y el pueblo, pasaron al local, examinándolo detenidamente. Los elogios al mismo fueron unánimes. La rondalla hizo oír varias escogidas piezas de su variado repertorio, siendo después, obsequiados con un refresco los convidados. Momentos después, el presidente delegado de la Unión Mugardeza de Instrucción, D. Jesús Fernández, pronunció un inspirado discurso. Seguidamente, hicieron uso de la palabra los Sres. D. Emiliano Balás, don Ricardo Neira, el Alcalde Sr. Martínez y, el profesor, Sr. Casado. Los oradores tuvieron análoga finalidad: ensalzar la importancia de la instrucción y educación del pueblo; encomiar á los hijos de Mugaridos que residen en Cuba y sostienen ese centro docente, y poner de relieve cuanto vale y significa para la Naciones fomentar la cultura. Todos los oradores fueron merecidamente muy aplaudidos. El Sr. Fernández dio por finalizada la ceremonia, declarando inaugurada la Escuela.

Un acta

De la solemnidad que acababa de realizarse se levantó la correspondiente acta, que fue firmada por todos los concurrentes. Entre los firmantes se hallaban nuestros distinguidos compañeros en la Prensa, el director del semanario Ecos del Eume Sr. Vilariño y un redactor.

El banquete

Verificóse en el delicioso lugar dal Baño, distante 15 minutos, á pie, de Mugaridos. En amplio campo, bordeado por abundoso follaje y limitado por caprichosas alturas, instalándose la mesa, en forma de herradura, para más de 100 comensales. La tarde vestía su bello traje primaveral, dando más saliente nota de amenidad y atractivo al paisaje, exuberante de luz y de espléndido derroche de riquezas que presentaba la Naturaleza. Excelentemente condimentado y con profusión, se sirvió paella, pulpo, pastelón de pollos,

rosbeaff, postres, vinos, café y Coñac. Durante la comida hízose agradable conversación. Varios ingleses que, desde lejos, contemplaban el hermoso y alegre aspecto que presentaba el campo –lugar del suceso- fueron cariñosamente obsequiados, al igual que varios bizarros soldados de artillería, que, por esas negativas á aceptar el agasajo, parecían haber recibido la consigna de no admitirlo. Al servirse el café, hubo brindis y vivas.

En el <Casino>

Hallábase materialmente ocupado por el elemento joven de la pintoresca villa. Destacábanse buen número de hermosas señoritas. La Rondalla, siempre deferente á los ruegos afectuosos, accedió á hacerse oír en el local. Interpretó diversos y escogidos baillables, y se rindió culto entusiasta á Tersípcore. A las ocho, emprendió la Rondalla el regreso á Ferrol.

El regreso

Serían cerca de las seis, cuando se dio por terminado el banquete. Seco, el infatigable fotógrafo, que no paró, durante todo el día, de obtener instantáneas, no permitió la desbandada sin hacer la final la de todos - ó la mayoría- los comensales, sentados sobre el verdor del campo. La mayoría abogó porque nadie regresara á Ferrol, para asistir al baile del <Casino>, que comenzaba á las nueve de la noche para darse por terminado al nacer el nuevo día. Emiliano Balás, Ricardo Brage, Francisco Montero y nosotros, subrepticamente, emprendimos, á pié, el camino del Baño á Mugardos, y, en un bote, hicimos el retorno. Todos hemos salido complacidísimos de la excursión agradable, y reconocidos á las múltiples atenciones de que se nos hizo objeto.